

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 29 de outubro de 2013, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 22 de outubro de 2013, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Solicitude de creación dunha comisión de investigación

Solicitude de creación, formulada polos grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, dunha comisión de investigación sobre as causas do accidente ferroviario de Santiago do pasado 24 de xullo así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade en Galicia (doc. núm. 12323, 09/SCI-000005).

Publicación da solicitude de creación, BOPG n.º 166, do 25.09.2013

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de racionalización do sector público autonómico (doc. núm. 11926, 09/PL-000013).

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162, fas. 1, do 18.09.2013

Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 174, do 08.10.2013

2.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de caza de Galicia (doc. núm. 10315, 09/PL-000011).

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 151, do 03.09.2013

Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 169, do 01.10.2013

2.3 Debate de totalidade do Proxecto de lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (doc. núm. 11244, 09/PL-000012).

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 151, do 03.09.2013


Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 169, do 01.10.2013

Punto 3. Comparecencia

14066 (09/CPP-000109)

Do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, por petición propia, para informar da estratexia da Xunta de Galicia en relación coa mellora da prestación dos servizos hidráulicos na Comunidade Autónoma

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Punto 4. Mocións

4.1 13166 (09/MOC-000038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da información ao Parlamento de Galicia en relación co financiamento dun partido político e as adxudicacións realizadas a diversas empresas entre xaneiro de 2002 e xullo de 2005. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 11150, publicada no BOPG núm. 153, do 05.09.2013, e debatida na sesión plenaria do 24.09.2013)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 171, do 03.10.2013

4.2 13174 (09/MOC-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa igualdade no ensino e as medidas que está a adoptar o Goberno galego. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 5257, publicada no BOPG núm. 77, do 27.03.2013, e debatida na sesión plenaria do 24.09.2013)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 171, do 03.10.2013

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 10260 (09/PNP-000780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre o aumento da tarifa eléctrica galega como consecuencia da proposta de reforma enerxética que propón o Goberno do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 146, do 02.08.2013

5.2 11227 (09/PNP-000845)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel e Fajardo Recousó, Juan Manuel


Sobre a adopción de medidas por parte da Xunta de Galicia para deixar sen efecto o artigo 1 do Decreto 49/2012 e a conxelación dos prezos públicos das escolas infantís.

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 151, do 03.09.2013

5.3 11246 (09/PNP-000848)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego


Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Rodas Chapela, Daniel e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a necesidade de adoptar medidas para evitar o despezamento e o
cambio de bandeira da frota galega que faena en augas comunitarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 151, do 03.09.2013

- 5.4 12163 (09/PNP-000893)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román e 6 máis
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para impulsar a rede de
viveiros de empresas dentro dos centros educativos de Formación
Profesional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 162, do 18.09.2013
- 5.5 12811 (09/PNP-000925)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre os recortes anunciados polo Goberno central en relación coas
pensións de xubilación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 166, do 25.09.2013
- 5.6 13120 (09/PNP-000942)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román e 6 máis
Sobre a solicitude ao Goberno central da harmonización da lexislación
estatal en materia catastral e urbanística, no referido á definición dos solos
de natureza urbana e rústica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 09.10.2013
- 5.7 13141 (09/PNP-000943)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis
Sobre a resolución do Goberno central pola que se establece o
copagamento dos medicamentos dispensados en boticas hospitalarias aos
doentes con patoloxías crónicas non hospitalizados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 09.10.2013
- 5.8 13508 (09/PNP-000964)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón e Martínez García, María Consuelo
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación
co Plan anual e plurianual de investimento 2012-2015 presentado por
Unión Fenosa Distribución, S.A. para o ámbito territorial de Galicia

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 180, do 16.10.2013


Punto 6. Interpelacións

- 6.1 11301 (09/INT-000446)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre a política industrial da Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153, do 05.09.2013
- 6.2 12921 (09/INT-000473)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a aplicación en Galicia do copagamento dos medicamentos dispensados en boticas hospitalarias aos doentes con patoloxías crónicas non hospitalizados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 171, do 03.10.2013
- 6.3 13059 (09/INT-000481)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre o informe do administrador concursal respecto do proxecto empresarial Alimentos Lácteos, S.A.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 171, do 03.10.2013

Punto 7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 7.1 14079 (09/POPX-000041)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis
Sobre a incidencia que van ter os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 na recuperación económica
- 7.2 14109 (09/POPX-000042)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre as razóns do Sr. presidente da Xunta de Galicia para anunciar unha baixada dos impostos
- 7.3 14120 (09/POPX-000043)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia




Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento doutra política alternativa que garanta o fornecemento do sector naval de Ferrol

Punto 8. Preguntas ao Goberno

- 8.1 13294 (09/POP-001165)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Puy Fraga, Pedro e 6 máis
Sobre as medidas que está a adoptar a Axencia Tributaria de Galicia para facilitarlles o pagamento dos tributos autonómicos aos contribuíntes galegos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 09.10.2013
- 8.2 10638 (09/POP-000978)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad e 3 máis
Sobre o estado das obras de construción da autovía da Costa da Morte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153, do 05.09.2013
- 8.3 11237 (09/POP-001023)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda e Sánchez García, Antón
Sobre a realización do transvasamento desde a balsa de Meirama a Cecebre
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153, do 05.09.2013
- 8.4 13563 (09/POP-001185)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a existencia e o contido dos contratos con Pemex no mes de setembro de 2012
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 180, do 16.10.2013
- 8.5 13815 (09/PUP-000063)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis
Sobre a incidencia da decisión de pechar o Servizo de Cirurxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense na atención sanitaria pública da provincia

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 180, do 16.10.2013

8.6 14101 (09/PUP-000065)
Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda e Solla Fernández, Eva
Sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para atallar os
datos das listas de espera do Sergas

8.7 10100 (09/POP-000879)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa
Sobre as xestións da Xunta de Galicia para garantir a existencia de
contratos homologados no sector vitivinícola nas diferentes
denominacións de orixe e das medidas para o seu impulso
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 143, do 30.07.2013

8.8 13292 (09/POP-001164)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Pacín, María Isabel e 6 máis
Sobre a valoración da Consellería do Medio Rural e do Mar da evolución
dos prezos do leite en orixe no último ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 09.10.2013

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis
horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2013

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente en funcións

Asinado dixitalmente por:

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Vicepresidente 1º na data 22/10/2013
16:15:42**

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia